O INFERNO DO ODIO

Título orixinal ***Tengoku to Jigoku*** Ano **1963** Duración **143'** Dirección **Akira Kurosawa** Guión **Hideo Oguni, Akira Kurosawa, Ryuzo Kikushima e Eijiro Hisaito, sobre unha novela de Evan Hunter** Idioma **Xaponés** Fotografía **Ichiro Inohara, Hiromirsu Mori** Montaxe **Akira Kurosawa** Son **Fumio Yanoguchi, Hisaghi Shimonaga** Música **Masaru Sato** Dirección de arte **Yoshiro Muraki** Reparto **Toshirô Mifune, Kyoko Kagawa, Yutaka Sada, Takashi Shimura, Tatsuya Mihashi, Tatsuya Nakadai** Produtora **Toho** Distribución **A Contracorriente**

Unha banda de secuestradores contacta con Kingo Gondo, un importante e respectado home de negocios, para informarlle do rapto do seu fillo. Os delincuentes pídenlle polo rescate unha gran cantidade de cartos que deixaría a Gondo ao bordo da bancarrota.

☞ Sección Oficial en Venecia 1963.
☞ Nominado a Mellor Filme Estranxeiro nos Globos de Ouro 1963.

DECEMBRO:

LUNS 2.12.2019 ás 20:30 h
TROTE (Xacio Baño, 2018, 83 min., VO)

MARTES 3.12.2019 ás 20:30 h
AMAZING GRACE (Allan Elliott e Sydney Pollack, 2018, 87 min., VOSE)

SÁBADO 21.12.2019 ás 12:00 h
O MEU VECIÑO TOTORO (Hayao Miyazaki, 1988, 86 min., VD)*
*Proxectarase en sesión matinal, dobrada e de balde, pensando en que poidan asistir (tamén) as máis peques da casa...

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo • instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#112
26.11.2019

O INFERNO DO ODIO

AKIRA KUROSAWA

CINECLUBE PONTEVEDRA

Utilicei só unha parte moi pequena da novela que, para ser francos, non é moi boa. A miña idea consistía en desenvolver o seu sentido de ameaza e deixar o demais de lado. Ten tamén unha utilización magnífica do punto de vista, e iso é practicamente o único que tomei do libro.

AKIRA KUROSAWA

(Sobre *King's Ransom,* de Ed McBain)

Kingo Gondo, empresario e destacado accionista dunha fábrica de calzado, recibe a nova do secuestro do seu fillo o mesmo día en que agarda levar a cabo unha inversión financeira que o vai converter no principal directivo da compañía. Sen embargo, o neno raptado resulta finalmente non ser o seu, senón o fillo do seu chofer. Arriscando a súa posición social e económica, accede ao pagamento do rescate e o mozo é liberado. A continuación, ponse en marcha toda a maquinaria policial que poñerá ao descuberto a figura dun conspirador rancoroso e sádico. Condenado á pena capital, solicitará un último encontro coa súa vítima —agora exaccionista da súa antiga empresa— no interior da prisión en que se atopa recluído.

Os anos sesenta demostraron que o *thriller* non era un xénero cultivado exclusivamente en EE. UU. Mentres Costa-Gavras cuestionaba nas súas cintas políticas —*Z* (1968), *A confesión* (*L'aveu*, 1969)— a integridade moral das institucións gobernamentais, o cinema policial europeo colleitaba unha gran fama mundial por medio de realizadores do talle de Jean-Pierre Melville —*O silencio dun home* (*Le samouraï*, 1967), *Círculo vermello* (*Le cercle rouge*, 1970)— ou Pietro Germi —*Unha maldita embrolla* (*Un maledetto imbroglio*, 1959)—. Dentro deste panorama fílmico, Akira Kurosawa puxo en marcha a adaptación de *King's Ransom*, unha novela negra esrita polo desaparecido Ed McBain, trasladando a súa acción á era do desenvolvemento económico que Xapón estaba a atravesar. O resultado foi a cuarta incursión do cineasta nipón no terreo do *film noir*, tras *O anxo ebrio*, *O can rabioso* e *Os canallas dormen en paz*.

Sen embargo, esta nova experiencia saldouse con fortuna, xa que Kurosawa deu a luz un filme de alta voltaxe e narrativa minuciosa que nada tiña que envexarlles aos clásicos do cinema norteamericano, coma *Perdición* (*Double Indemnity*, 1944), de Billy Wilder; *Foraxidos* (*The Killers*, 1946), de Robert Siodmak, ou *A lume vivo* (*White Heat*, 1949), de Raoul Walsh. *O inferno do odio* susténtase sobre un guión sen fisuras e meticulosamente elaborado, respaldado por unha posta en escena dinámica e un tempo cinematográfico trepidante, case vertixinoso en determinados intres, coma por exemplo a escena da entrega dos cartos a través do tren expreso. Estes elementos funcionaron moi ben á hora de conectar este filme coa sensibilidade do público occidental.

A tradución do título orixinal —algo así coma «o alto e o baixo»— fai referencia a dous niveis de realidade social e moral distintos a través da posición que, dentro do imaxinario relixioso, ocupan dous lugares tan antagónicos coma son o Ceo e mailo Inferno. No primeiro espazo achamos un importante executivo de empresa cuxa residencia está situada sobre un outeiro na cidade de Yokohama. No segundo atópase Takeuchi, un estudante de enfermaría que sente un intenso odio cara aos poderosos. Este motivo indúceo a intentar arruinar —cando menos no plano económico— a vida do seu suposto inimigo. Sen embargo, esta acción ten coma consecuencia un cambio cara a unha actitude máis humana por parte do empresario Gondo: abandona o frío egoísmo do home capitalista e esperta pola vida do fillo alleo, ao contrario do que ocorría en *Os canallas dormen en paz*, onde o corporativismo e a corrupción política acaban triunfando sobre o individuo.

Todos estes temas compoñen o primeiro segmento do filme, en que a trama xira sempre en torno á figura de Kingo Gondo. O segundo segmento, claramente diferenciado do anterior, céntrase na actividade da policía que debe poñerlle fin á conduta criminal do secuestrador, e omite case por completo a presenza de Gondo para conferirlle plena relevancia ao proceso de captura de Takeuchi. Ambos personaxes simbolizan os dous extremos opostos dunha realidade térrea: o ben, encarnado polo empresario e os axentes, enfrontado ao mal, encarnado polo criminal. A virtude moral oposta á degradación sádica e violenta. O Ceo dos «bos» contra o Inferno dos «malos».

En palabras do crítico Antonio Weinrichter, a secuencia final resulta clave para entender o significado total da obra, en que, unha vez arrestado, Takeuchi pide unha entrevista con Gondo no corredor da morte: «O diálogo e, sobre todo, a forma en que Kurosawa filma a escena do encontro, a ambos os lados do vidro que os separa e que lle permite xogar cos reflexos dos seus rostros, establece in extremis unha insólita identidade entre ambos, ou cando menos unha relación especial definida visualmente cando nada do visto ata entón xustificaría establecer dita relación entre extorsionador e vítima dende o punto de vista temático». Segundo o especialista Donald Richie, non se pode falar d'*O inferno do odio* coma dun simple filme policial, senón coma «dunha obra moral coa forma dun emocionante *thriller*», que merece a todas luces figurar entre as mellores cintas do seu autor.

PUIGDOMÈNECH, J., EXPÓSITO, A. & GIMÉNEZ SORIA, C. (2010). *Akira Kurosawa. La mirada del samurái*. Ediciones JC: Madrid. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.